



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2018

AMPLIACIÓN DE INFORMACIÓN DA CIRCULAR 10/2018 REMITIDA O 11.06.2018 EN RELACIÓN COA RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

O vindeiro 1 de xullo renóvase a póliza de responsabilidade civil profesional que o Colexio ten subscrita coa compañía aseguradora Allianz a través da corretoría de seguros Aon.

Como xa adiantamos na circular remitida o pasado luns, de cara á renovación negociouse un aumento do límite asegurado nalgunhas coberturas, unha ampliación das actividades aseguradas, unha rebaixa de franquía e un axuste na prima.

A continuación destacamos as principais condicións da póliza:

1) Extensa definición do concepto de asegurado

A cobertura inclúe aos propios avogados colexiados de alta na póliza, ademais de:

- Colexiados en caso de falecemento, xubilación ou cesamento da actividade profesional
- A Cobertura esténdese tamén á herdanza, herdeiros e legatarios e/ou habentes causa
- Reclamacións formuladas a sociedades profesionais monodisciplinares onde o 100 % dos profesionais que a integran se encontren colexiados no Colexio.

2) Actividade obxecto de seguro

A póliza conta cunha definición moi completa do alcance do seguro, incluíndose entre outras as seguintes actividades:

- Exercicio da actividade da avogacía
- Uso de sinatura electrónica
- Administrador de predios
- Asesor xurídico inmobiliario
- Axente da propiedade inmobiliaria
- Asesoría fiscal
- Asesoría laboral
- Árbitro e contador partidor
- Mediador segundo o disposto no RD 980/2013
- Administrador concursal segundo o disposto no RD 1333/2012
- Delegado de protección de datos
- Compliance officer

3) Coberturas e límites de indemnización

A póliza conta con amplas coberturas:





CIRCULAR INFORMATIVA 11/2018

- Responsabilidade civil profesional: 450.000 € por sinistro, asegurado e triplo por anualidade
- Infracción dos principios de imparcialidade e confidencialidade: 30.000 € por sinistro
- Danos a expedientes e documentos: 250.000 € por sinistro, asegurado e triplo por anualidade.
- Responsabilidade civil explotación: 600.000 € por sinistro, asegurado e triplo por anualidade.
- Responsabilidade civil locativa: 150.000 € por sinistro, asegurado e triplo por anualidade.
- Responsabilidade civil patronal: 600.000 € por sinistro, asegurado e triplo por anualidade.
- Inhabilitación profesional: máximo 2.500 € / 18 meses.
- Reclamación a contrarios: 30.000 € por sinistro.
- Infraccións da LOPD: 100.000 € por sinistro e anualidade.
- Defensa xurídica e fianzas.

4) Ámbito temporal

A póliza outorga retroactividade ilimitada así como dá cumprimento ao período de descubrimento de 48 meses segundo se regula no RD 1333/2012 para a actividade da administración concursal.

5) Ámbito territorial

Unión Europea

6) Franquía

Franquía fixa por sinistro de 500 € para o primeiro e segundo sinistros durante a anualidade.

A partir do terceiro sinistro durante a anualidade a franquía será de 1.500 €.

7) Condicións económicas

Prima total anual por colexiado: 254,76 € (a este importe descontaráselle a subvención do Colexio, que será de 45 € aprox. por colexiado/ano).

8) Ampliación voluntaria de límite (segundas capas)

A continuación detallamos as opcións **voluntarias** de **ampliación** de límite asegurado de cara á renovación (estas cantidades incrementariáanse sobre a cobertura básica do Colexio, que é de 450.000 €):

- Máis **200.000 €**, prima anual: 175,94 €
- Máis **480.000 €**, prima anual: 236,97 €
- Máis **750.000 €**, prima anual: 334,37 €
- Máis **1.350.000 €**, prima anual: 445,83 €



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2018

— Máis **3.550.000 €**, prima anual: 955,35 €

Para aqueles colexiados que xa teñen contratada ampliación voluntaria de límite, a renovación será automática aplicándose as novas condicións.

Os colexiados interesados en modificar ou contratar ampliacións de límite deben poñerse en contacto coa corretoría de seguros Aon:

- Correo el.: colegios@aon.es
- Teléfono: 912667052

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza) no teléfono 981581713.